

O SER HUMANO COMA SUXEITO DE EXPERIENCIA FILOSÓFICA E COMA OBXECTO PRINCIPAL DA REFLEXIÓN FILOSÓFICA.

1. A antropoloxía filosófica

1.1 Introducción

Dende a orixe dos tempos houbo reflexión sobre o ser humano, a súa esencia e o sentido da súa existencia. A pesar disto a antropoloxía filosófica non se convertirá en disciplina independente ata o s.XIX momento no que tamén nace a **psicoloxía experimental** pero que polo seu carácter científico alonxouse da psicoloxía racional. A **antropoloxía filosófica** é a rama da filosofía que tenta explicar que é o ser humano dun xeito integral profundizando nos aspectos que nos permiten diferenciarnos doutros seres. Non é un saber científico debido a súa universalidade e pola imposibilidade de elaborar leis que determinen a natureza libre e intelixente dos humanos. Non aspira polo tanto a explicar senón a comprender e a interpretar aquilo que nos fai ser especificamente o que somos.

2. As grandes concepcións filosóficas sobre o ser humano

2.1 A reflexión sobre o ser humano na antigüidade.

Dende a mitoloxía xa vemos a necesidade de comprender ao ser humano pero a explicación non aspira a reflexionar racionalmente senón que aspira a atopar modelos que servan de referente co obxectivo de acadar o éxito e provocar a admiración dos demais, comeza a idea de acadar a virtude entendida coma excelencia.

Cando nace a filosofía deixa atrás as explicacións mitolóxicas tentando descubrir a esencia das cousas. Os presocráticos no s. VI a de C. non centraron o seu interés no home senón no cosmos, serán Sócrates e os sofistas no s. V a d C os que inician a investigación sobre o ser humano aínda que non entendido coma individuo senón coma cidadán, é dicir, a perspectiva que lles interesa aos gregos é social non individual.

Sócrates (479 a.C.-399 a.C) parte da introspección suxerida a través do oráculo de Delfos "*coñécete a ti mesmo*" para despois poder coñecer ao humano en xeral. A nosa esencia está na nosa racionalidade sendo o corpo un instrumento para pensar pero sobre todo para actuar moralmente ben (nisto podes ver o carácter práctico da filosofía!) Para Sócrates a virtude que debemos acadar é moral e esixe coñecer o ben para poder practicalo. Para coñecer o ben ofrécenos o método dialéctico da *maieutica*, ese coñecemento nos transformaría en alguén bo, *intelectualismo moral* que marcará o pensamento do seu discípulo Platón (427a.C.-347a.C.).

A filosofía platónica é o punto de arranque filosófico desa **visión dualista** que impregnou durante séculos, e ata os nosos días, a crenza común sobre esta natureza humana composta de corpo e alma, como realidades distintas.

Platón comeza por establecer un **dualismo ontolóxico**, é dicir, a existencia de dúas realidades radicalmente distintas: un mundo sensible, que se atopa sometido ó cambio, e un mundo intelixible, de esencias inmutables. Como o ser humano ten que ser capaz de acceder por igual a ámbolos mundos, ten que estar constituído por un elemento material que lle permita sentir e por un



elemento espiritual que lle permita entender. O ser humano é un composto formado por un corpo mudable e corruptible, perecedoiro, e por unha unha alma divina, perfecta, inmutable e incorruptible que, como realidades separables que son, están unidas tan só accidentalmente. O corpo enferma á alma facendo que cometa erros, que actúe mal moralmente e de xeito inxusto políticamente.

Platón no mito do carro alado describe unha alma tripartita onde a razón representada por un auriga debe guiar aos cabalos, un branco e bo e outro negro e malo. Si non obedecemos á razón estaremos desequilibrados, e a consecuencia é que seremos infelices e inxustos. En cada ser humano predomina unha alma e isto proxéctase nas clases sociais. Hai armonía e xustiza si cada un cumpre co que lle é propio por natureza.

Fronte á tradición transcendalista que recolle e transmite Platón, **Aristóteles** arranca dende unha **perspectiva naturalista**. Aristóteles non comparte o sistema dualista do seu mestre, pois alma e corpo non son entidades separables, senón elementos indisolubles. Para Aristóteles, que xa criticou o dualismo ontolóxico platónico dende a súa **teoría hilemórfica** (todo esta composto de materia e forma), tamén o home é unha substancia indivisible composta de materia e forma. A primeira sería o corpo e a alma sería a forma do corpo. **A alma en Aristóteles**, dende esa unidade substancial contraria ó dualismo platónico, é **principio de vida** e a morte do corpo suporá tamén, o final da alma. Aristóteles distingue tres tipos de almas: unha **alma vexetativa**, encargada das funcións de asimilación e reprodución, propia das prantas; unha **alma sensitiva**, coas funcións da percepción sensible, movemento e incluso memoria, propia dos animais; e finalmente unha **alma intelectual ou racional**, cuxa función é o entendemento, e propia do ser humano. Lóxicamente o home comparte as almas inferiores como ser vivo.

Aristóteles tamén recoñece outro elemento esencial na constitución da natureza humana: a súa **sociabilidade**. O home é un *zoon politikon*, é dicir, un “animal político”. Dirá Aristóteles que o home só se realiza como tal, como ser humano, na sociedade. Quen non vive en sociedade ou é un Deus (alguén por encima dos homes) ou un animal (por debaixo dos homes). Fronte o convencionalismo e relativismo dos sofistas respecto da sociedade, Aristóteles sostén que a **polis** non é unha construción arbitraria, senón unha realidade **intrinsecamente natural** ao ser humano, como calquera organismo biolóxico ou como calquera agregado social existente entre outros animais (instinto gregario). Esta **natureza social do home** aséntase na súa natureza racional, dialóxica e ética.

A pesares das diferenzas entre Platón e Aristóteles, debemos sinalar unha posición común sobre a supremacía da razón sobre as paixóns. Tamén, aínda que Aristóteles deducira o carácter mortal da alma dende a súa concepción antropolóxica, afirma en *De ánima* (sobre a alma) que existe algo “inmortal e eterno” nos homes.

A conquista de Alexandre Magno de toda Grecia supuxo a fin das cidades-estado gregas e este feito é considerado o detonante do paso do período helénico cara ao período helenístico. Ao perder o referente das polis (para eles unha estrutura perfecta que facía do cidadán o seu protagonista) a política imperialista dos macedonios diluíu ate a insignificancia o papel dos habitantes das polis facendo que este momento estivese marcado pola decadencia e incertidume obrigando á filosofía a centrarse na vida interior. As escolas de filosofía céntraranse nas cuestións éticas tentando dar fórmulas para acadar a felicidade entendida agora coma imperturbabilidade ou serenidade de espírito. A súa antropoloxía é materialista pois a alma redúcese a materia sutil.

En definitiva para os gregos aquilo que define ao ser humano é a súa racionalidade (o logos), a súa sociabilidade e a linguaxe.

2.2 A reflexión sobre o ser humano na Idade Media.

A reflexión filosófica da época medieval non procede dunha evolución directa do pensamento grego. Existe un elemento absolutamente novidoso, que marca unha brusca ruptura coa filosofía anterior. O pensamento medieval rompe o enfoque naturalista do pensamento grego e desenvolve un **pensamento teocéntrico** coa introdución da crenza nun Deus persoal, creador e salvador do home. Así, o home pasa a ser creado por Deus e polo tanto criatura divina. A súa esencia e a súa existencia están determinadas pola súa creación á imaxe e semellanza do creador. A dignidade do home residirá neste carácter de fillo de Deus e a súa dimensión corpórea será algo positivo só na medida en que é unha creación divina. Xunto a esta idea, introdúcense conceptos alleos ao ámbito intelectual grego coma o de **pecado, culpa, graza e salvación**. Ademais, a insistencia no carácter libre da conducta humana respondía á necesidade de priorizar a fe sobre a razón filosófica o introducir a idea dun **xuízo final** onde se sopesen as accións de cada persoa. Desta maneira a “salvación ou castigo” pasa a ser **responsabilidade** de cada un.

Fronte a visión no mundo grego dun home cuxa esencia só adquire sentido no ámbito da comunidade ou sociedade na que vive, o cristianismo preséntanos un home libre e responsable de si mesmo e as súas accións, que o poden levar ó pecado ou sentimento de culpa ou á graza e salvación. Deste modo, o ser humano xa non se entende como parte dun todo, no que a súa esencia viría determinada pola sociedade na que medre, “só nunha sociedade xusta haberá homes xustos” defendía Platón, senón que recollendo o ideal de salvación individual do helenismo, preséntase ao ser humano como **persoa** dotado de entendemento e **vontade** que determinarán a súas accións e, por ende, a súa responsabilidade ética, da que só dará conta el mesmo.

Esta insistencia durante o período medieval no **eu persoal** será de crucial importancia na constitución do novo **paradigma antropocéntrico da filosofía moderna**. Descartes dará inicio a unha nova época precisamente a partires da idea do **eu**.

2.3 A reflexión sobre o ser humano no Renacemento.

O Renacemento é un período de transición e de renovación ideolóxica e artística que durante os séculos XV e XVI comeza en Italia e esténdese por toda Europa, dando paso da Idade Media á Moderna. A súa característica esencial é a admiración polo mundo clásico greco-romano, de ahí o nome de renacemento, pois supoñíase que “renacera” o esplendor dos antigos gregos e romanos. Os renacentistas consideraban esta cultura como a realización máxima do ideal de perfección e intentaban imitala no posible.

Algúns dos rasgos que definen o renacemento son os seguintes:

- Recuperación da **estética da antigüidade clásica greco-romana**.
- **Antropocentrismo**. Fronte ó teocentrismo medieval, onde Deus era o referente cultural, artístico e incluso científico, no Renacemento o home ocupa o lugar central da discusión filosófica, das artes plásticas e da ciencia.
- Gran importancia da **ciencia e a razón**. O renacemento defendeu a idea de que existe unha explicación científica para a maioría dos feitos e fenómenos. Polo tanto rexeitou as explicacións elaboradas pola igrexa e demais fontes que non foran científicas. Esta época foi moi importante no desenvolvemento do pensamento racional e lóxico e no auxe da ciencia experimental.
- **Humanismo**. O humanismo é unha nova perspectiva do home que sen rexeitar completamente o feito relixioso, busca un recoñecemento do home, da súa dignidade,



independencia da filosofía respecto da teoloxía - unha razón libre e non sometida ós límites da teoloxía – e un home capaz e desexoso de coñecer fronte á actitude sumisa e resignada do medievo.

- **Naturalismo.** O home e a natureza convértense nos polos da cultura e a vida renacentista.

Unha nova visión do home e do universo (do xeocentrismo ao heliocentrismo), o ser humano admírase a si mesmo, e sitúase como principio e centro. Isto leva a pensar nunha maior autonomía e liberdade do home que comeza a erixirse plenamente como único dono de si mesmo. Fronte aos códigos morais supostamente establecidos por Deus, nace a conciencia de que son os homes os que deben crear os seus propios códigos éticos. O principio de libre e persoal interpretación das escrituras, defendido pola reforma luterana, é un claro síntoma desta nova maneira de entender ao ser humano.

Na nova mentalidade renacentista maniféstase a defensa da dignidade do ser humano. Pero esta dignidade xa non se debe á condición de fillo de Deus, senón á súa capacidade racional que permite a produción intelectual, científica e artística, como reflexo do excelso da humanidade. Esta idea dun home autosuficiente fronte á idea dun Deus providencial que revela ó home cales son as súas obrigas e o sentido e fin da súa vida, acadará a súa máxima expresión no período ilustrado.

2.4 A reflexión sobre o ser humano na modernidade.

A radical transformación cultural que vive o Renacemento, abre o camiño da filosofía moderna. Unha vez perdido o referente da verdade revelada por Deus, como guía e criterio cultural durante toda a idade media, os descubrimentos do renacemento supuxeron un punto de inflexión na idea que o home tiña de si mesmo e do mundo que o rodea. Isto levou no pensamento moderno a que o home, sen a “evidencia” das verdades reveladas, enfróntase o problema da **certeza dos seus coñecementos**. A preocupación fundamental desta nova etapa na historia da humanidade é, así pois, o problema da orixe, dos límites e dos criterios de validez do coñecemento. A este respecto podemos destacar dous puntos de vista radicalmente distantes representados por dous filósofos: Descartes e Hume.

A perspectiva racionalista.

Descartes (1596-1650) publica en 1637 a súa obra mais emblemática: *O discurso do método*. Esta obra ten como obxectivo determinar un **método** que permita acadar un coñecemento certo e seguro. Este método consistirá na **dúbida metódica**, é dicir, en poñer en cuestión todos os nosos coñecementos ata chegar a unha certeza que resista toda dúbida. E esa certeza será o “**penso, logo existo**”. Esta intuición convertírase na certeza sobre a que Descartes cree poder asentar o resto do coñecemento. Non se pode, polo tanto, dudar da existencia dun “eu” pensante (res cogitans) que define a esencia do ser humano. Pero este eu tamén é un ser vivo, corporal (res extensa) que se move mecanicamente. Neste punto xorde o conflito: dende o plano racional, o ser humano defínese como res cogitans ou substancia pensante, e dende o plano empírico ou da observación, recoñecemos ao ser humano como res extensa ou substancia material. Que relación se establece entre estas dúas substancias, entre pensamento e materia, entre mente e cerebro? Descartes propuxo a hipótese de que na **glandula pineal** é onde se leva a cabo esa conexión entre alma e corpo, ou entre mente e cerebro. A distinción alma e corpo non é nova pero el a radicalizou xa que as describe coma substancias completamente distintas, a alma é pensamento e o corpo é materia. Isto permitiulle ofrecer unha explicación á posibilidade da liberdade humana, podendo manter o carácter determinista do mundo material acorde á nova física.

A perspectiva empirista.

David Hume (1711-1776) publica no ano 1739 o seu traballo mais importante e un dos libros mais relevantes da historia da filosofía: *O tratado da natureza humana*. Nesta obra afirmará que a orixe o o límite do coñecemento é a experiencia e asentará unha **visión** definitivamente **antropocéntrica**, aplicando **método experimental** de razoamento, non só ó ámbito da natureza, senón tamén ós asuntos morais.

Estes son os presupostos e teses deste filósofo:

- Dende o punto de vista filosófico e científico non é lexítima unha explicación da realidade dende presupostos teolóxicos. Só dende un **enfoque antropocéntrico** poderemos explicar dun modo lexítimo a realidade.
- No podemos demostrar a existencia desa realidade chamada **alma**. É tan só unha metáfora coa que tentamos resumir a grandeza intelectual do ser humano.
- Respecto da natureza humana Hume rompe coa visión dualista e sitúa ó home como un ser dentro do conxunto da natureza.
- Para Hume a razón non é a instancia que controla os sentimentos e paixóns. Mais ben ó contrario, razón é o instrumento que orienta as accións deses sentimentos e paixóns que son os que marcan a nosa tendencia vital. Defenderá un emotivismo moral no que o utilitarismo e hedonismo serán a clave do que está ben ou mal e non a razón.
- As pautas de convivencia e a constitución de sociedade humanas tamén se derivan de paixóns, sexan estas apracibles ou violentas. As sociedades humanas non se fundan nunca a partires de designios divinos, como afirmaban autores medievais.

A perspectiva ilustrada.

A Ilustración é o movemento cultural máis destacado do século XVIII. Inclúe tanto o pensamento de escritores, artistas e filósofos, como as ideas da burguesía europea que tomará o poder político antes de que conclúa o século. Como fenómeno cultural, ten lugar na época das grandes revolucións burguesas, dende a Revolución Inglesa ou Revolución Gloriosa (1688) ata a Revolución Francesa (1789). O pensamento ilustrado, na súa dobre vertente, intelectual e de clase, foi un factor determinante na caída do Antigo Réxime.

Este amplo movemento cultural recibe tamén o nome de "Século das luces" polo seu constante e incansable afán de clarificación ("iluminismo"), que rompe coas escuras tebras do pasado. É, polo tanto, un movemento intelectual e social cuxa idea fundamental é que se poden comprender e dominar coa razón todos os problemas que atinxen ao home e aos pobos.

Algúns dos rasgos mais característicos da Ilustración foron os seguintes:

- **Optimismo:** a idea de progreso marca unha expectativas de constante millora científica e social grazas á ciencia.
- **Confianza na razón.** Os ilustrado crían que a razón é a maior capacidade do ser humano, e que só ela poderá garantírnos o progreso. A mentalidade ilustrada supuxo, o establecemento dun novo concepto de razón, cos seguintes trazos: a) Autónoma, b) Secularizada, c) Hipercrítica, d) Universal. Unha razón que somete todo a exame racional: á natureza, á relixión, ao ser humano, á sociedade, á economía, política, dereito, ciencia...
- **Transformacións sociais e políticas: cosmopolitismo.** A Ilustración é tamén un tempo de cambios no político e no social. Poderíase dicir que la Ilustración implicou, alí onde



verdadeiramente se expandiu, un clima de liberdade, unha paulatina democratización dos réximes absolutistas. Locke é un dos primeiros ilustrados ingleses, e será o principal defensor do liberalismo político; pero seguirano outros como o propio Kant, que fala da Ilustración como un tempo de liberdade. Habería que dicir que durante o século das luces estanse poñendo as bases teóricas dunha democracia que non alcanzará toda a súa forza hasta décadas, e incluso séculos, despois. Si a física de Newton foi o gran símbolo do que poderíamos chamar a razón teórica, a revolución francesa, e todas as súas implicación, desempeñarán un papel semellante no ámbito da razón práctica.

- **Enciclopedismo e cultura.** Unha fervente defensa do saber e a cultura. **Kant** defendeu a ilustración como a “saída do home da autoculpable minoría de idade”. A Ilustración convértese así nunha emancipación moral e intelectual do home: “**Sapere Aude**”, é o lema kantiano da Ilustración, “atreverte a sabe”. Unha das ideas que vertebran toda a ilustración é precisamente o valor da cultura e a educación: ambas nos sacan do noso estado de servidume e nos brindan a oportunidade de ser autenticamente libres. O **proxecto enciclopedista** de Diderot e D’Alembert vai nesa liña de desenvolver o eido cultural e universalizalo como medio para xerar no home e na sociedade un pensamento crítico que os faga máis libres e autónomos.

Estas características do movemento ilustrado mostran unha nova imaxe do home, alonxada dunha actitude pusilánime fronte ó poder, á vida ou ó propio Deus, e preséntanos a un home dono de si mesmo e confiado nas súas propias capacidades, tanto para descubrir os segredos da vida e da natureza como para decidir as súas leis e formas de convivencia dende un plano de igualdade e voluntariedade, e non impostos por instancias ou poderes alleos ou transcendentales. O lema da revolución francesa sintetiza esa nova visión da sociedade: “liberdade, igualdade e fraternidade”.

2.5 A reflexión sobre o ser humano na filosofía contemporánea.

No século XIX as teorías de Darwin, Comte, Mill, Marx, Nietzsche ou Freud, e no s.XX o existencialismo, o estruturalismo e o personalismo...provocan unha nova revolución intelectual respecto da concepción do home que chega ós nosos días.

- **Comte (1798-1857)**

Fundador do positivismo considera á ciencia a clave do progreso ao servizo do ser humano polo que se deberá expender a racionalidade científica aos diferentes ámbitos coma a psicoloxía, socioloxía... ademais a ciencia e a técnica deberán ir da man de xeito que o progreso científico conleve un progreso económico e este á súa vez un progreso social. Sociedade e política en mans de científicos que son os que realmente teñen coñecementos relevantes.

- **Darwin (1809-1882)**

O evolucionismo darwinista rompe co paradigma do home da tradición xudeo-cristiá, un novo paradigma que se concreta en dous presupostos:

- O home xa non é creado por Deus á súa imaxe e semellanza, como un ser entre o divino e o animal, coma rei da creación e depositario da natureza o seu servizo
- O home é un ser vivo máis na cadea evolutiva, cunha orixe común a centos de especies (todos os mamíferos teñen un pasado común), e resultado dun mecanismo de selección que responde máis ó azar que a ningunha providencia divina.



- **Marx (1818-1883)**

A concepción do home en Marx parte de principios filosóficos radicalmente distintos aos da tradición filosófica anterior ó século XIX. Para a antropoloxía grega, cristiá, moderna e ilustrada, o home é fundamentalmente razón. A característica esencial do home é a súa racionalidade.

Para Marx o home non ten unha natureza propia, polo tanto, non hai unha condición humana esencial e universal. Este principio filosófico é unha falsa idea metafísica sostida polos sistemas filosóficos idealistas. O home é ante todo un ser práctico, é praxe. A actividade práctico-productiva, o traballo, é para Marx fundamento tanto do coñecemento teórico como das demais actividades. O propio coñecemento teórico (a ciencia e a filosofía) non existe nin pode ser entendido como algo abstracto e "puro" senón como actividade orientada á práctica e transformación do mundo.

Marx atribuíu a visión especulativa e errónea da primacía do home teórico sobre o práctico á consideración ideolóxica (falsa) do traballo nas distintas épocas históricas. Así, nas primeiras civilizacións complexas, como Exipto, e na sociedade grega ou romana, o traballo era considerado como unha actividade propia de escravos; na sociedade feudal como unha ocupación propia de servos e no capitalismo inicial do século XIII, como un quefacer característico dos estamentos inferiores. Pola contra, a actividade contemplativa ou teórica era unha ocupación elevada propia das clases superiores e os homes libres...

Mais alá da validez das propostas sociais e políticas de Marx, o aspecto antropolóxico de maior solidez da súa teoría é o seu modo de explicar a formación da **conciencia individual**. Esta, en contra da perspectiva racionalista da filosofía tradicional, non é a causa da acción humana. Mais ben ó revés. É a acción humana, a praxe, as súas condicións materiais de vida as que xeran o modo concreto de realización da conciencia. Non son as ideoloxías as que determinan as nosas condicións de vida; máis ben ó revés, son os modos de produción e as condicións materiais da nosa vida as que determinan a nosa conciencia.

- **Friedrich Nietzsche (1844-1900)**

Dende o seu vitalismo irracionalista afirma que a "vida" é o valor único dende o que valorar todo o humano e por iso criticará con dureza á cultura occidental dende as súas orixes por cimentarse no resentimento contra a vida. Por iso agarda a chegada dun novo home que ame a vida e o mova a vontade de poder atrevéndose así a crear novos valores.

- **Sigmund Freud (1856–1939)**

Médico vienés que adicou a súa vida ó estudo da psique humana. Na súa teoría psicoanalítica postulou a existencia dunha parte "inconsciente" da nosa mente na que residen as pulsións e desexos que condicionan as nosas accións e sobre as que non temos un control voluntario. O mais que podemos facer é reprimilas, pero isto non nos libera da súa influencia na nosa conducta. Esta proposta freudiana rompe co ideal racionalista dun home dono de si mesmo e cuxa vontade está sometida á razón. Freud mostra unha nova imaxe do home dominado por pulsións e instintos que non é capaz de gobernar totalmente, mostrando así o lado irracional (animal) do ser humano.



No s. XX:

- **O existencialismo**

Concibe ao ser humano coma liberdade pura polo que existe pero non ten esencia, ésta defínese a través dos actos de aí a radical importancia da responsabilidade na elección e da angustia e a sensación de náusea ante o feito de estar condeados a ser libres. O ser humano é pura posibilidade, puro proxecto, pura liberdade.

- **O estruturalismo**

Os principais representantes son Claude Lévi-Strauss (1908-2009), Jacques Lacan (1901-1981) e Louis Althusser(1918-1990). Parte da oposición ao existencialismo defendendo a existencia de diversas estruturas profundas e inconscientes que determinan o universo simbólico da cultura. Buscan o común pois para eles isto desvelan a proba da imposibilidade da liberdade absoluta da que falan os existencialista senón que revelan unhas estruturas inconscientes e omnipresentes no individuo, na sociedade e na cultura facendo que as condutas individuais sexan explicadas dende patrons universais inconscientes.

- **O personalismo**

Emmanuel Mounier (1905-1950) parte do concepto de persoa opóndose ao individualismo subxectivo existencialista acusándoo da crise na que vive a humanidade occidental burguesa pero non acepta tampouco a disolución do individuo do estruturalismo pola súa resignación e inoperancia... para Mounier habería tres dimensións na persoa encarnada nun corpo, con vocación de transcendencia e en comunión coas outras persoas. Para vigorizar á humanidade propón tres exercicios: compromiso coa encarnación, meditación sobre a transcendencia e reunión cos demais a través da entrega.

3. A filosofía e a existencia humana

3.1 O sentido da existencia

A cuestión sobre o sentido da existencia ningún ser humano pode equivala nalgún momento da súa vida. As respostas a esta cuestión tan complexa de abordar foron tan numerosas como paradigmas culturais ó longo da historia pero, todas elas, podemos sintetizalas en tres posturas fundamentais: un sentido transcendente, un sentido inmanente e, finalmente, tamén cabe pensar que a nosa existencia non teña un sentido determinado, e que non sexa mais que unha pulsión vital ou produto do azar. Vexámolas:

- **A vida ten sentido transcendente**

Dende a antigüidade a resposta mais estendida en todas as culturas e civilizacións á cuestión do sentido da existencia tivo un carácter transcendente. Dende a cultura exipcia, pasando polos pensadores mais importantes da filosofía grega – Platón e Aristóteles – e toda a filosofía cristián hasta a idade moderna, o sentido da existencia humana sempre estivo enfocado dende unha perspectiva relixiosa ou transcendente. É case unha constante en todas elas a crenza nunha alma inmortal que sobrevive á morte corporal, que sería o que dá sentido á vida humana. Para Platón a alma inmortal do home debe procurar a súa purificación a través do coñecemento para volver ó mundo das ideas. Para o cristianismo a alma volve a Deus. O noso escritor e pensador **Miguel de**



Unamuno, sostíña que o anhelos de inmortalidade no home, lévoos a afirmar que só é posible atopar un sentido a existencia humana si existe un Deus capaz de colmar tal aspiración.

Karl T. Jasper (1883 – 1969) psiquiatra alemán e filósofo, dicía que o sufrimento e a angustia ante a morte fainos *intuír* que o sentido da existencia humana só pode radicar nunha transcendencia divina.

- **O sentido inmanente**

Esta postura está representada fundamentalmente por **F. Nietzsche** (1844 – 1900), filósofo alemán, crítico coa cultura, a relixión e a filosofía occidental. Nietzsche sostíña que a crenza nun mais alá “salvador” fainos vivir dunha maneira menos real e inferior. A cultura occidental, dende o momento que o platonismo puxo a vida, o terreal, o inmanente e o devir en función da morte, o suprasensible, o transcendente e o eterno, invertéronse os valores da vida. A verdadeira vida non era esta senón a que viña despois da morte. Esta inversión, como sinala Nietzsche na súa “*Xeanoloxía da moral*”, chegou á súa culminación co triunfo do cristianismo (platonismo popular, lle chamaba Nietzsche), que enxendrou unha moral de resentimento contra todo o vital, unha moral de escravos e débiles; unha moral de renuncia que pon a vida en función dun falso transmundo. Os sacerdotes, pastores dun rabaño de escravos, son os prototipos desta inversión. Pola contra, para o vitalismo, a vida é só **a vida é o fundamento último de todos os valores**. A idea dun Deus limita as posibilidades de realización do ser humano. A “morte de Deus” significará unha nova maneira de ser humano, afirmando a vida.

- **A existencia non ten un sentido.**

Arthur Schopenhauer (1788-1860) filósofo alemán, sostén que o mundo é a expresión da vida que busca perpetuarse, logo a vida non ten sentido porque é un devir cego. A vontade de vivir non é outra cousa que un “afán cego”, un impulso ou pulsión carente por completo de fundamento e motivos. Cando o home busca un sentido á vida plantexa metas que unha vez satisfeitas lévanos a buscar outras sen acadar nunca a plena satisfacción, o que deriva en pesimismo e frustración.

Doutro lado o existencialismo francés de J.Paul Sartre (1905-1980) e A. Camus (1913-1960) considera que o ser humano non ten ningunha esencia e isto lévoos a necesidade de autodefinirse, sabendo que esta definición é unha pura ficción. Somos seres contingentes (poderíamos non ter existido) e é inútil explicar a nosa existencia e o seu sentido mediante un ser necesario (Deus). A. Camus describe na súa obra “O mito de Sísifo”, o sentimento do absurdo do home enfrontado ó cosmos, ó seu destino e a historia, e só rescatado cando actúa “coma se” puidese cambiar o universo.

4.O concepto de persoa

O concepto de persoa provén do termo grego πρόσωπον que significa máscara. Entendemos por persoa aquel ser dotado de razón, cunha identidade propia e con conciencia de si mesmo, un ser intelixente, libre, racional e singular e autónomo...un ser único e irrepitible capaz de preguntarse polo sentido da súa existencia. O aspecto mais relevante da identidade persoal ten que ver coa *dignidade* coma *valor intrínseco* asociado ó feito de pertencer ao xénero humano. Somos

portadores de *dereitos* polo feito de ter dignidade. Os dereitos humanos fundaméntanse no valor individual e por iso son universais pois nacemos con eles e deberán ser respetados sempre.

O diálogo filosófico

Viva a filosofía!

Concepto e características	Estrutura	Propósito	regras	mais regras
 <p>actividade de grupo na que se comparten e cuestionan opinións en torno a un tema establecido</p>	 <p>Ten que haber : -Un moderador -Particionates activos -Plantexamento dunha cuestión ou un tema</p>	 <p>Respostar á cuestión e aportar puntos de vista _o consenso non é o obxectivo</p>	 <p>-Pedir turno de palabra -manter o silencio e respecto -Intervencións breves e claras</p>	 <p>O moderado non poida nin participa -o moderador debe reorientar o diálogo si se dispersa</p>
<p>A intervención</p>	 <p>Non se trata de convencer senón de aportar!</p>		<p>o diálogo é parte da filosofía!</p>	

Ilustración 1.



Licenzas das ilustracións

Ilustración	Recurso
Ilustración 1.	Autoría: propia